



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Réxime Fiscal da Empresa I	Código	650G01011	
Titulación	Grao en Ciencias Empresariais			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Economía			
Coordinación	Campo Villares, Manuel Octavio del	Correo electrónico	m.campov@udc.es	
Profesorado	Campo Villares, Manuel Octavio del Suarez Mallo, Maria de la Cruz	Correo electrónico	m.campov@udc.es m.c.suarez.mallo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	O obxectivo principal da materia é dotar o estudantado dos coñecementos básicos do sistema tributario español que lle permita afrontar a problemática fiscal da actividade empresarial, de face ao seu futuro desenvolvemento profesional. Ao ser a primeira materia de réxime fiscal que se cursa, iníciase cos conceptos básicos fundamentais dos impostos, a estrutura do sistema fiscal español e neste contexto sitúase a incidencia sobre a actividade empresarial. A continuación desenvólvense o Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	CE1 - Aprender a aprender, por exemplo, cómo, cándo, ónde novos desenvolvementos persoais son necesarios.
A2	CE2 - Auditar unha organización e deseñar planes de consulta (por exemplo lexislación impositiva, inversións, estudo de casos, proxecto de traballo).
A3	CE3 - Comprender detalles do funcionamento empresarial, tamaño de empresas, rexións xeográficas, sectores empresariais, vinculación con coñecemento e teorías básicas.
A5	CE5 - Comprender a tecnoloxía nova e existente e o seu impacto para os novos/futuros mercados.
A7	CE7 - Comprender os principios da lei e vincularlos co coñecemento de negocios e xestión.
A9	CE9 - Comprender os principio éticos, identificar as implicacións para as organizacións empresariais, deseño de escenarios.
A10	CE10 - Comprender e utilizar sistemas contables e financeiros.
A11	CE11 - Definir criterios de acordo de cómo unha empresa é definida e vincular os resultados coa análise do entorno para identificar perspectivas.
A12	CE12 - Definir obxectivos, estratexias e políticas comerciais.
A13	CE13 - Xestión dunha compañía a partir da planificación e control, utilizando conceptos, métodos e ferramentas.
A14	CE14 - Xestionar as operacións da empresa.
A15	CE15 - Xestionar os recursos financeiros.
A16	CE16 - Identificar aspectos relacionados e comprender o seu impacto na organización empresarial.
A17	CE17 - Identificar o impacto dos elementos micro e macroeconómicos na organización empresarial.
A18	CE18 - Identificar as características dunha organización.
A19	CE19 - Identificar novos desenvolvementos de organizacións empresariais para afrontar con éxito o entorno cambiante.
A20	CE20 - Identificar e operar o software adecuado. Deseñar e implementar sistemas de información.
A21	CE21 - Identificar e utilizar as ferramentas adecuadas de matemáticas e estatística.
A23	CE23 - Uso de instrumentos para a análise de entornos empresariais.
B1	CB1 - Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeneral, e se adoita encontrar a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.



B2	CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
B3	CB3 - Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
B4	CB4 - Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B5	CB5 - Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B6	CG1 - Que os estudantes formados sexan profesionais versátiles, capacitados tanto de iniciar o seu propio negocio como de desempeñar labores de deseño, planificación, organización, xestión, asesoramento e avaliación nas áreas e departamentos contables, financeiros e fiscais de organizacións empresariais, con especial referencia ás pequenas e medianas empresas.
B7	CG2 - Que os estudantes posúan unha elevada capacitación metodolóxica de xestión e tratamento da información que lles proporcione vantaxes competitivas, non só no seu labor profesional, senón nunha sociedade global en permanente transformación. Para iso, o Grao debe estar dotado dun axeitado nivel de interdisciplinidade, transversalidade e integración nas súas materias.
B8	CG3 - Que os estudantes presten especial atención aos cambios que, tanto en conceptos, coma en metodoloxía ou en aplicacións, implican no mundo empresarial as novas tecnoloxías da información e as comunicacións. Así mesmo deben poder obter e actualizar os coñecementos específicos que teñan como base a aparición de novas leis e regulamentos que afecten ao mundo fiscal, financeiro ou contable.
B9	CG4 - Que os estudantes integren a aprendizaxe na súa vida e no seu labor profesional, a través da metodoloxía de ensino que lles achega o Grao, o cal lles proporciona unha formación básica xeral que servirá como puntal para a formación continua ao longo da vida.
B10	CG5 - Que os estudantes teñan unha perspectiva integral e destreza no manexo dos conceptos, técnicas e ferramentas empregados en cada unha das diferentes áreas funcionais, con especial referencia ás contables, financeiras e fiscais da empresa; así como entender as relacións que existen entre elas e cos obxectivos xerais da organización. Todo iso tendo en conta os principios de sustentabilidade e responsabilidade social das mesmas.
B11	CG6 - Que os estudantes saiban identificar e anticipar oportunidades, asignar recursos, organizar a información, realizar asesoramento fiscal e contable, control orzamentario, xestión de tesouraría, auditorías de contas e temas concursais (suspensións de pagamentos e quebras), tomar decisións en condicións de incerteza e avaliar resultados.
B12	CG7 - Que os estudantes sexan capaces de liderar proxectos nas áreas de valoración da empresa, de dirección estratéxica e financeira; deben poder entender a información contable das empresas co fin de obter conclusións e realizar predicións tanto sobre rendementos coma sobre riscos futuros.
B13	CG8 - Que os estudantes identifiquen os requisitos legais da información financeira aos que a empresa debe enfrontarse.
B14	CG9 - Que os estudantes manifesten respecto aos dereitos fundamentais e de igualdade entre homes e mulleres, o respecto e a promoción dos Dereitos Humanos e os principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
C1	CT1 - Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	CT2 - Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	CT3 - Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	CT4 - Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	CT5 - Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	CT6 - Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	CT7 - Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	CT8 - Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Manexar axeitadamente os elementos esenciais que configuran os impostos	A16		
Identificación dos diferentes tipos de ingresos públicos	A16		C1
Comprender os efectos económicos dos impostos sobre as decisións das empresas	A9 A10 A11 A16 A17 A21		C8
Coñecer a estrutura do sistema fiscal español distinguindo claramente os recursos tributarios que corresponden aos distintos niveis de facenda	A7 A16		
Ser capaz de enmarcar a imposición empresarial no sistema fiscal español	A7		
Adquirir unha visión xeral das obrigas tributarias das empresas	A7		
Identificar os impostos correspondentes aos distintos tipos de empresas	A3 A7 A12 A13 A16 A18 A19		
Ser capaz de interpretar axeitadamente a normativa fiscal e aplicala de forma correcta á resolución de casos prácticos	A1 A2 A7	B1 B2 B3 B4 B5 B10 B11 B12	C1 C7
Coñecer o IRPF en vigor	A7 A16		
Conseguir soltura na aplicación práctica do IRPF á actividade empresarial	A7 A20	B6 B13	C3
Identificar as fontes que permiten a actualización permanente da normativa tributaria	A7	B7 B8 B9	C3 C7
Utilizar os recursos informáticos dispoñibles na administración para o cumprimento das obrigas tributarias de empresarios e profesionais.	A5 A14 A15 A20 A23		C3
Capacidade de expresión oral e escrita			C1 C2
Capacidade de análise do entorno económico e social.		B14	C4 C5 C6

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Conceptos básicos	1.1. Ingresos públicos: definición e principais categorías 1.2. Tributos: definición, categorías e elementos esenciais. 1.3. Impostos: clasificación, principios e efectos económicos.
2. Sistema fiscal español.	2.1 Compoñentes do sistema tributario español. 2.2 Ingresos tributarios das Facendas Locais. 2.3 Ingresos tributarios das comunidades autónomas
3. . Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (IRPF). Cuestións previas.	3.1 Natureza. Ámbito de aplicación. Feito imponible. Exencións. 3.2 Suxeito pasivo. Residencia. Unidade familiar. Individualización de rendas. 3.3 Período Impositivo e devengo. 3.4 Imputación temporal de rendas. 3.5 Atribución de rendementos. 3.6 Determinación da renda sometida a gravame: base imponible e base liquidable.
4. IRPF (II) - Rendementos do traballo	4.1 Concepto e enumeración. 4.2 Consideración fiscal das dietas e asignacións para gastos de viaxe. 4.3 Rendementos de traballo en especie. 4.4 Determinación do importe dos rendementos de traballo sometidos a tributación: rendementos íntegros, porcentaxes de redución sobre o rendimento íntegro, gastos deducibles, e redución sobre o rendimento neto.
5. IRPF (III) - Rendementos do capital inmobiliario	5.1 Os rendementos do capital: concepto e clasificación. 5.2 Rendemento de capital inmobiliario: rendimento íntegro, gastos deducibles e reducións. Rendemento mínimo en caso de parentesco. 5.3 Imputación de rendas inmobiliarias
6. IRPF (IV)- Rendementos do capital mobiliario	6.1 Concepto e clasificación. 6.2 Determinación do rendimento Íntegro. 6.3 Gastos deducibles. 6.4 Reducións aplicables sobre o rendimento neto
7. IRPF (V) - Rendementos de actividades económicas	7.1 Concepto, regras xerais e afectación. Réximes para a determinación dos rendementos netos. 7.2 Estimación directa modalidade normal e modalidade simplificada 7.3 Estimación obxectiva. 7.4 Reducións.
8. IRPF (VI) - Ganancias e perdas patrimoniais	8.1 Concepto. Supostos de non suxeición e exencións. 8.2 Determinación do importe das ganancias e perdas patrimoniais: Regra xeral. 8.3 Normas especiais de valoración. 8.4 Ganancias excluídas de gravame en supostos de reinversión. 8.5 Ganancias patrimoniais procedentes de participacións en institucións de investimento colectivo. 8.6 Ganancias patrimoniais por cambio de residencia. 8.7 Ganancias patrimoniais non xustificadas.
9. IRPF (VII) - Determinación da base imponible e liquidable	9.1 Imputacións de renda. 9.2 Clases de renda: renda xeral e renda do aforro. 9.3 Integración e compensación de rendas: base imponible xeneral e base imponible do aforro. 9.4 Reducións da base imponible: Base liquidable xeral e do aforro
10. IRPF (VIII) - Determinación da cota íntegra e a cota diferencial	10.1 Mínimo persoal e familiar. 10.2 Escalas e tipos. Cota íntegra estatal e autonómica 10.3 Deducións da cota íntegra. Cota líquida 10.4 Deducións da cota líquida. Cota diferencial 10.5 Deducións da cota diferencial. Cota resultante da autoliquidación 10.6 Xestión do imposto



11. A Imposición sobre a Riqueza	11.1 Xustificación e tendencias 11.2 O Imposto sobre o Patrimonio. 11.3 O Imposto sobre Sucesións e Doazóns.
----------------------------------	--

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A9 A16 A17 A18 A19 A21 B14 C4 C5 C7 C8	2	0	2
Sesión maxistral	A3 A7 B8 B9 B10	19	38	57
Proba obxectiva	A3 A7 B1 B3 B4 B5 C1	5	0	5
Proba de resposta múltiple	A3 A7 B3 C1	2	0	2
Solución de problemas	A1 A2 A5 A7 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A20 A23 B2 B6 B7 B11 B12 B13 C2 C3 C6 C7	19	57	76
Atención personalizada		8	0	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Sesión dedicada a ofrecer unha visión global da materia que se vai a impartir, enmarcándoa no ámbito da Facenda Pública.
Sesión maxistral	Exposición oral da profesora dos aspectos fundamentais dos temas do programa.
Proba obxectiva	Exame que constará dunha práctica sobre o contido da materia
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en formular unha cuestión e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.
Solución de problemas	Resolución polos alumnos de exercicios e supostos prácticos de liquidación de impostos. A súa resolución realizarase en papel e/ou utilizando os recursos da páxina web da AEAT.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Resolución polos alumnos de exercicios e supostos prácticos de liquidación de impostos. Para o alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, acordarase ao inicio do curso un calendario específico de titorías compatible coa súa dedicación. Programaranse tutorías en grupo reducido en tres sesións: a primeira terá unha duración de 60 minutos e as dúas seguintes de 90 minutos. A primeira sesión realizarase no mes de outubro e as dúas últimas no mes de novembro. As sesións serán presenciais e comunicarase aos estudantes o lugar e hora de realización.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba obxectiva	A3 A7 B1 B3 B4 B5 C1	É un exame escrito que consistirá na liquidación do IRPF.	60
Proba de resposta múltiple	A3 A7 B3 C1	Consiste en formular unha cuestión e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só unha delas é válida.	15
Solución de problemas	A1 A2 A5 A7 A10 A11 A12 A13 A14 A15 A16 A20 A23 B2 B6 B7 B11 B12 B13 C2 C3 C6 C7	Resolución de exercicios e supostos prácticos de liquidación que deberá entregar	25

Observacións avaliación

A) NORMATIVA DE AVALIACIÓN:

1. Condicións de avaliación: Está prohibido acceder á aula do exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou almacenamento de información.
2. Identificación do estudiantado: O estudiantado ha de acreditar a súa personalidade de acordo coa normativa vixente.

B) TIPOS DE CUALIFICACIÓN:

1. Cualificación de non presentado: Corresponde ao alumno, cando só participe en actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación alcanzada.
2. Estudiantes con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia: Excepto para as datas aprobadas na Xunta de Facultade para a proba obxectiva final, para as restantes probas acordarase ao comezo do curso un calendario específico de datas compatible coa súa dedicación.

C) OPORTUNIDADES DE AVALIACIÓN:

1. Primeira oportunidade: aplicaranse os criterios de avaliación anteriormente indicados nesta sección.
2. Segunda oportunidade: Os criterios de avaliación:
Proba obxectiva: 60%
Proba de resposta múltiple: 40%. Se un estudante desexa manter a súa puntuación da avaliación continua non debe presentarse á proba de resposta múltiple. En caso de presentarse será a cualificación desta última a que se sumaría, no seu caso, ás notas da proba obxectiva
3. Convocatoria adiantada: A avaliación realizarase mediante unha proba obxectiva 100%

D) OUTRAS OBSERVACIÓNS DE AVALIACIÓN:

1. So se sumara a cualificación da avaliación continua e a da proba obxectiva cando esta última sexa igual ou superior a 2.5 sobre 6.
2. O estudiantado poderá mellorar a súa cualificación na avaliación continua, en 1 punto como máximo, mediante a súa participación en actividades académicas desenvolvidas polo centro (conferencias, seminarios, actividades Green Campus, etc) e recomendadas polo profesor.

Fontes de información

